



## SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 26 DE NOVEMBRO DE 2020

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e tres minutos do día vinte e seis de novembro de dous mil vinte, baixo a presidencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona Maria Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de novembro de 2020, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202011261903010000\_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### 1. PARTE RESOLUTIVA

**1.1. Adhesión ao Convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a cesión de información de carácter tributario, así como dos demais ingresos de dereito público, para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa Administración**

**Acceso á videoacta – 00:00:26 horas**

Vista a proposta da Alcaldía, de data 16 de novembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Con data 30 de setembro de 2020 asinouse o Convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a cesión de información de carácter tributario, así como dos demais ingresos de dereito público, para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa Administración.

Este convenio ten por obxecto establecer un marco legal de colaboración sobre as condicións e procedementos polos que se debe rexer a cesión dunha serie de información por parte da ATRIGA ás entidades locais asociadas á FEGAMP que se adhiran ao convenio, de xeito que se preserven, en todo caso, os dereitos fundamentais dos administrados, a normativa sobre protección de datos persoais e a estrita observancia do deber de sivilo.

Os datos sobre os que se facilitará información por parte da ATRIGA serán os de non ter débedas pendentes en período executivo coa Xunta de Galicia, así como o de non ter presentado declaración do Imposto sobre o patrimonio ante a Xunta

de Galicia, todo isto dentro do marco dos procedementos de axudas e subvencións públicas, así como no ámbito dos procedementos de contratación que se tramiten no concello.

Para adherirse a este convenio, o concello debe formalizar o correspondente protocolo de adhesión ante a Dirección da ATRIGA, que será a encargada de remitir copia á FEGAMP.

Así mesmo, a adhesión será inscrita no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Coa adhesión a este convenio estase a cumprir co principio de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas, e ten como principal consecuencia o beneficio que obterá a cidadanía ao facilitarlle a realización de xestións e trámites burocráticos ao non ter que esixirle a achega de documentación que xa ten sido achegada a outra administración.

O acordo incide, así mesmo, na importancia de aproveitar as vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías, e na mellora das relacións entre as Administracións e os cidadáns.

Ademais, este convenio dotará ao Concello de Cambre dunha maior axilidade na resolución de expedientes para a concesión de subvencións ou axudas, ou a tramitación de contratos, ao tempo que garante a máxima fiabilidade dos datos obtidos por vía telemática.

Por todo isto, propoño ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Solicitar a adhesión do Concello de Cambre ao Convenio de colaboración entre a Axencia Tributaria de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a cesión de información de carácter tributario, así como dos demais ingresos de dereito público, para a concesión de axudas e subvencións e a contratación coa Administración, aceptando expresamente todas e cada unha das cláusulas do convenio, así como asumindo as obrigas derivadas deste.

**Segundo:** Facultar ao señor alcalde para que en nome e representación do Concello de Cambre formalice cantos documentos sexan precisos para a efectividade do presente acordo.

**Terceiro:** Remitir o presente acordo xunto coa solicitude de adhesión á Dirección da Axencia Tributaria de Galicia."

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de novembro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**1.2. Aprobación da modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreo de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa e a ordenanza fiscal número 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou**

## **aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, con obxecto de prórroga da suspensión temporal da súa aplicación durante o ano 2021**

### **Acceso á videoacta – 00:04:06 horas**

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 11 de novembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

«Tendo en conta a declaración do estado de alarma en todo o territorio nacional publicado inicialmente no BOE con data de 14 de marzo de 2020, mediante Real Decreto 463/2020, para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 e no que se establece, na súa D.A. 3ª.3, que o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses dos interesados.

Considerando que o 18 de marzo de 2020 o BOE publicaba o Real Decreto-lei 8/2020, de 17 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico do COVID-19 e que entrou en vigor ese mesmo día, e que ten por obxecto que as medidas de contención aprobadas, e que conlevan medidas negativas na economía española, supoñan que estes efectos negativos sexan transitorios e evitar, en última instancia, que se produza un impacto máis permanente ou estrutural.

Así, na súa exposición de motivos establece: *“es preciso adoptar medidas que proporcionen la necesaria flexibilidad para el ajuste temporal de las empresas con el fin de favorecer el mantenimiento del empleo y reforzar la protección de los trabajadores directamente afectados. En las próximas semanas muchas empresas se van a enfrentar a importantes tensiones de liquidez derivadas de una caída de sus ventas, procedentes tanto de una menor demanda como de la interrupción de la producción, por ejemplo, por falta de suministros o por rescisión de determinados contratos. Se hace por tanto indispensable adoptar determinadas medidas para reforzar la liquidez del tejido productivo y evitar la salida del mercado de empresas solventes afectadas negativamente por esta situación transitoria y excepcional”.*

Vistas estas consideracións, o Concello de Cambre, no ámbito das súas competencias en materia fiscal e tributaria, acordou no pasado mes de maio, a suspensión da aplicación das Taxas pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa e pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, durante o ano 2020.

Considerando que os motivos que orixinaron tal decisión seguen a existir, sen coñecerse o alcance temporal dos mesmos, o concello de Cambre ten a vontade de seguir adoptando medidas que axuden a paliar as consecuencias económicas da pandemia do COVID-19, para responder ao impacto económico negativo, sendo prioridade principal minimizar o impacto fiscal, facilitando así que a normalidade se recupere tan pronto como a situación sanitaria mellore.

Tendo en conta que as ordenanzas fiscais nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa e a ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante, definen o feito impositivo como a ocupación ou utilización privativa do dominio público e considerando que dito aproveitamento foi modificado dunha maneira significativa polas circunstancias existentes do estado de alarma, a corporación considera necesaria a suspensión durante o exercicio 2021 das mencionadas ordenanzas fiscais.

O Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sinala nos seus artigos 15 a 19 o procedemento para aprobar e modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos tributos locais.

O artigo 16.1 do devandito texto legal determina que os acordos de modificación das ordenanzas reflectirán a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.

Por todo isto, proponse ao Pleno que adopten os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar provisionalmente para o exercicio 2021 a modificación da disposición final da ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa:

**Ordenanza fiscal nº 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con postos, barracas, espectáculos, atraccións ou recreo e por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa**

(...)

**Disposición final:** A presente Ordenanza Fiscal quedará suspendida temporalmente desde o día seguinte á publicación da presente modificación no Boletín Oficial da Provincia ata o 31 de decembro de 2021, entrando en vigor automaticamente o primeiro día de 2022, sendo de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Segundo.-** Aprobar provisionalmente para o exercicio 2021 a modificación da disposición final da ordenanza fiscal Nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante:

**Ordenanza fiscal nº 23 reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público con motivo da venda ambulante**

(...)

**Disposición final:** A presente Ordenanza Fiscal quedará suspendida temporalmente desde o día seguinte á publicación da presente modificación no Boletín Oficial da Provincia ata o 31 de decembro de 2021, entrando en vigor automaticamente o primeiro día de 2022, sendo de aplicación ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Terceiro.-** No caso de que o Orzamento do exercicio 2020 sexa prorrogado ao 2021, declarar non dispoñibles os créditos correspondentes á aplicación orzamentaria "2020/920.16000 Seguridade Social Administración xeral" por importe de 46.000,00 euros, para dar cumprimento á Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

**Cuarto.-** A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Quinto.-** Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello o citado acordo provisional, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

**Sexto.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo definitivo que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.»

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de novembro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan

Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezanove votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.3. Aprobación inicial, se procede, da modificación das fichas da relación de postos de traballo correspondentes aos postos de: oficial de obras, operario condutor e operario de servizos múltiples**

#### **Acceso á videoacta – 00:14:39 horas**

Vista a proposta conxunta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos e da concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, de data 13 de novembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“En relación coa valoración da especial dedicación dos postos de traballo da Brigada de Obras municipal requirida.

Visto o informe-proposta emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior co visto e prace da secretaria municipal e do interventor municipal con data do 12 de novembro de 2020.

Por estas Concellerías delegadas da Área de Economía, Facenda e Réxime Interior e da Área de Servizos elévase ao Pleno municipal a seguinte proposta de **ACORDOS** a adoptar:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das fichas da relación de postos de traballo correspondentes aos postos de oficial de obras, operario condutor e operario de servizos múltiples no que aos requirimentos específicos do posto se refire para incluír nos mesmos a dispoñibilidade para o exercicio das funcións do posto fora da xornada habitual de traballo e dos días laborables e fixando o complemento específico en 8.630,32 euros para o posto de oficial de obras, en 8.025,45 euros para os postos de operario condutor e en 7.141,44 euros para os postos de operario de servizos múltiples.

2º.- Aprobar inicialmente as fichas da relación de postos de traballo correspondentes aos postos de oficial de obras, operario condutor e operario de servizos múltiples tal e como a continuación se transcriben:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: OFICIAL DE OBRAS

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realiza trabajos manuales propios del oficio de un oficial de obra de brigada municipal. Conservación y mantenimiento de instalaciones municipales y manejo de la maquinaria propia de la brigada.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1  
Código: AL151700047 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: Otras agrupaciones profesionales  
ESCALA: Administración Especial  
SUBESCALA: Servicios Especiales  
CLASE: Personal de oficios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Certificado de escolaridad o equivalente.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo y de los días laborables.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

VALOR EN PUNTOS DEL PUESTO DE TRABAJO (VPPT):

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 14): 4.829,02 euros (344,93 mes + 2 pagas)  
COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 8.630,32 euros (616,45 mes + 2 pagas)

OBSERVACIONES:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: OPERARIO CONDUCTOR

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Conduce el equipo móvil de la brigada municipal y realiza trabajos manuales de baja calificación.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 2

Código: AL151700048 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: Otras agrupaciones profesionales

ESCALA: Administración Especial

SUBESCALA: Servicios Especiales

CLASE: Personal de oficios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Certificado de escolaridad o equivalente y carné de conducir, mínimo C-1

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo y de los días laborables.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 14): 4.829,02 euros (344,93 mes + 2 pagas)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 8.025,45 euros (573,25 mes + 2 pagas)

OBSERVACIONES:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realiza trabajos manuales de baja cualificación en la brigada municipal y colaboración con protección civil.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 2

Código: AL151700048 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: Otras agrupaciones profesionales

ESCALA: Administración Especial

SUBESCALA: Servicios Especiales

CLASE: Personal de oficios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Certificado de escolaridad o equivalente y carné de conducir, mínimo C-1

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo y de los días laborables.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso. A3 – Administración do Estado, CCAA e Local

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 12): 4.117,54 euros (294,11 mes + 2 pagas)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 7.141,44 euros (510,10 mes + 2 pagas)

OBSERVACIONES:

3º.- Someter a información pública e a través de anuncio a publicar no *Boletín Oficial da Provincia* o presente acordo así como o seu expediente polo prazo de 20 días, de conformidade co artigo 202 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.”



Visto o informe emitido posteriormente polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, de data 17 de novembro de 2020, no que se fai constar a existencia duns erros materiais na ficha da RPT de "Operario Servizos Múltiples" que foi remitida coa citada proposta, erros consistentes en que no apartado "Formación específica" se esixía o "carné de conducir, mínimo C-1", cando non é unha esixencia deste posto, e que no apartado de "Número de postos de traballo homoxéneos", se indicaban 2 cando son 3.

Visto o ditame favorable á proposta emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, de data 19 de novembro de 2020, coa modificación introducida segundo o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, de data 17 de novembro de 2020, respecto da ficha de "Operario Servizos Múltiples".

Sometido a votación ordinaria do Pleno municipal o ditame emitido pola Comisión Informativa, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por dezaseis votos a prol, acordou:

Aprobar o ditame emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico, de data 19 de novembro de 2020, no que se inclúe a modificación da proposta conxunta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos e da concelleira de Servizos e Seguridade Cidadá, de data 13 de novembro de 2020, segundo o informe emitido polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior o día 17 de novembro de 2020, e, para tal efecto:

**1º.-** Aprobar inicialmente a modificación das fichas da relación de postos de traballo correspondentes aos postos de oficial de obras, operario condutor e operario de servizos múltiples no que aos requirimentos específicos do posto se refire para incluír nos mesmos a dispoñibilidade para o exercicio das funcións do posto fora da xornada habitual de traballo e dos días laborables e fixando o complemento específico en 8.630,32 euros para o posto de oficial de obras, en 8.025,45 euros para os postos de operario condutor e en 7.141,44 euros para os postos de operario de servizos múltiples.

**2º.-** Aprobar inicialmente as fichas da relación de postos de traballo correspondentes aos postos de oficial de obras, operario condutor e operario de servizos múltiples tal e como a continuación se transcriben:



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: OFICIAL DE OBRAS

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realiza trabajos manuales propios del oficio de un oficial de obra de brigada municipal. Conservación y mantenimiento de instalaciones municipales y manejo de la maquinaria propia de la brigada.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 1

Código: AL151700047 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: Otras agrupaciones profesionales

ESCALA: Administración Especial

SUBESCALA: Servicios Especiales

CLASE: Personal de oficios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Certificado de escolaridad o equivalente.

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo y de los días laborables.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

VALOR EN PUNTOS DEL PUESTO DE TRABAJO (VPPT):

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 14): 4.829,02 euros (344,93 mes + 2 pagas)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 8.630,32 euros (616,45 mes + 2 pagas)

OBSERVACIONES:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: OPERARIO CONDUCTOR

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Conduce el equipo móvil de la brigada municipal y realiza trabajos manuales de baja calificación.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 2

Código: AL151700048 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: Otras agrupaciones profesionales

ESCALA: Administración Especial

SUBESCALA: Servicios Especiales

CLASE: Personal de oficios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Certificado de escolaridad o equivalente y carné de conducir, mínimo C-1

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo y de los días laborables.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 14): 4.829,02 euros (344,93 mes + 2 pagas)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 8.025,45 euros (573,25 mes + 2 pagas)

OBSERVACIONES:

AYUNTAMIENTO DE CAMBRE

RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

DENOMINACIÓN DEL PUESTO: OPERARIO SERVICIOS MÚLTIPLES

DESCRIPCIÓN IDENTIFICATIVA: Realiza trabajos manuales de baja cualificación en la brigada municipal y colaboración con protección civil.

NÚMERO DE PUESTOS DE TRABAJO HOMOGÉNEOS: 3

Código: AL151700048 – Tipo de puesto: N

REQUISITOS DE DESEMPEÑO DEL PUESTO:

PLAZAS DE PLANTILLA QUE PUEDEN OCUPARLO:

FUNCIONARIOS:

SUBGRUPO: Otras agrupaciones profesionales

ESCALA: Administración Especial

SUBESCALA: Servicios Especiales

CLASE: Personal de oficios

FORMACIÓN ESPECÍFICA:

Certificado de escolaridad o equivalente

REQUERIMIENTOS ESPECÍFICOS DEL PUESTO:

Disponibilidad para el ejercicio de las funciones del puesto fuera de la jornada habitual de trabajo y de los días laborables.

FORMA DE PROVISIÓN: Concurso. A3 – Administración do Estado, CCAA e Local

RETRIBUCIONES AL PUESTO DE TRABAJO (RPT)

COMPLEMENTO DE DESTINO (nivel 12): 4.117,54 euros (294,11 mes + 2 pagas)

COMPLEMENTO ESPECÍFICO: 7.141,44 euros (510,10 mes + 2 pagas)

OBSERVACIONES:

emprego público de Galicia.

#### **1.4. Aprobación, se procede, da modificación do proxecto para o acondicionamento da pista polideportiva do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, obxecto do convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre**

##### **Acceso á videoacta – 00:18:59 horas**

Vista a proposta da Alcaldía, de data 11 de novembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a proposta da Área de Deportes de data 11 de novembro de 2020, para a modificación do proxecto para o acondicionamento da pista polideportiva do CEIP Wenceslao Fernández

Tendo en conta o acordo plenario do 28 de agosto de 2020 polo que se aprobou o proxecto para o acondicionamento da pista exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Denominación	Achega provincial	Achega municipal	Orzamento total
Acondicionamento da pista polideportiva exterior do CEIP Wenceslao Fernández Flórez	72.000,00€	18.398,95€	91.198,95 €

Visto que o 4 de setembro de 2020, con número de rexistro 202099900069298, presentouse na plataforma SUBTEL toda a documentación requirida pola Deputación Provincial da Coruña para asinar un convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para o acondicionamento da pista polideportiva do CEIP Wenceslao Fernández Flórez.

Á vista do requirimento realizado pola Deputación, o 19 de setembro de 2020 no que se solicita que se emende e complete documentación técnica do proxecto, modificacións que non afectan nin ao obxecto nin ao orzamento.

Tendo en conta que con data 26/10/2020 e número de rexistro 202099900003658, preséntase o proxecto modificado segundo as directrices propostas pola Deputación Provincial da Coruña, con base no expediente de contratación 2019/C002/000365 adjudicado a A.V. ARQUITECTURA Y CONSTRUCCIÓN S.C.

Visto o informe de conformidade técnica do arquitecto municipal ao proxecto de data 28 de outubro de 2020.

Á vista de todo o exposto, formulase a seguinte proposta:

**PRIMEIRO:** Aprobar a modificación do proxecto para o acondicionamento da pista polideportiva do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, obxecto do convenio entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Servizos, Seguridade Cidadá, Educación, Mobilidade, Medio Ambiente e Sanidade de data 19 de novembro de 2020.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). E abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

### **1.5. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día**

#### **Acceso á videoacta – 00:21:37 horas**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para a adopción de medidas económicas e sociais en defensa dos autónomos e das pemes afectados polas restricións impostas pola crise sanitaria derivada do Covid-19. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que o integran, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **Única. Moción do grupo municipal do PP para a adopción de medidas económicas e sociais en defensa dos autónomos e das pemes afectados polas restricións impostas pola crise sanitaria derivada do Covid-19**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4457 o día 20 de novembro de 2020. Consta do seguinte teor literal:

“Dende o pasado mes de outubro rexistrouse en España, e na maioría dos países europeos, unha tendencia ascendente no número de casos de COVID-19. O incremento da transmisión está afectando a grupos de poboación de risco, que presentan unha maior probabilidade de hospitalización e falecemento.

A Xunta de Galicia, desde a declaración de situación de emerxencia sanitaria de data 13 de marzo de 2020, está dando resposta a esta crise sanitaria adoptando, ao abeiro da lexislación sanitaria, medidas de prevención, tanto de carácter xeral para todo o territorio autonómico, como de maneira específica, a través de diferentes ordes do conselleiro de Sanidade, en atención á evolución territorial da situación epidemiolóxica e sanitaria.

Coa finalidade de revertir a tendencia ascendente desta enfermidade e evitar acadar un nivel de sobrecarga do sistema sanitario como o que se experimentou na primeira vaga da pandemia, o 25 de outubro de 2020 publicouse no BOE o Real Decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2.

Neste Real Decreto, con vixencia prorrogada ata o 9 de maio de 2020, habilítanse aos presidentes das Comunidades Autónomas, como autoridades competentes delegadas, a adoptar medidas limitativas da circulación de persoas en horario nocturno, da entrada e saída de persoas do territorio autonómico, da permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados, así como aquelas outras que se estimen necesarias para afrontar a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19.

Neste contexto normativo derivado do vixente estado de alarma, e ante a evolución da situación epidemiolóxica, o presidente da Xunta de Galicia, como autoridade competente delegada, adoptou os Decretos 178/2020, 179/2020 e 181/2020 e 182/2020. Nestes decretos e nas ordes complementarias da Consellería de Sanidade recóllense unha serie de medidas recomendadas polos expertos do Subcomité clínico, que implican para os habitantes do noso concello unha serie de limitacións na súa liberdade de desprazamento, así como na permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e

privados.

A crise económica, derivada desta crise sanitaria e das restricións impostas para conter a pandemia, teñen un fondo impacto económico e social. Por iso, o Goberno galego estivo desde o primeiro día ao carón dos sectores máis castigados apoiándoos con feitos: axudas ao ocio nocturno; incentivos para o sector do comercio, o turismo e os servizos; anticipos de nóminas de ERTes; plan de dixitalización para as pemes e autónomos; iniciativas para potenciar o consumo no comercio ou na automoción; o Plan de reactivación do sector cultural, o Cheque Autónomo ou o Plan de rescate para manter a actividade económica de 50.000 autónomos.

Así mesmo, continuando con estas medidas de recuperación da economía e de mantemento do emprego nos sectores máis afectados pola Covid-19, o pasado 12 de novembro o Consello da Xunta aprobou destinar 10 millóns de euros a unha nova liña de préstamos para achegar liquidez aos autónomos, microempresas e pemes. Trátase de facilitar créditos de entre 3.000 e 500.000 euros a cada negocio para que poidan atender os pagamentos de salarios, alugueiros ou impostos. E no relativo ao sector da hostalería, neste mes de novembro porase en marcha un paquete específico de axudas -compatible coas dúas liñas do plan de rescate de autónomos, microempresas e pemes- que se está ultimando en diálogo permanente cos seus representantes.

Así e todo, todas as administracións debemos continuar afondando nesta liña de apoio a todos os sectores e colectivos máis afectados, implementando dentro do noso respectivo marco competencial, medidas que contribúan a minimizar o impacto económico e social derivado desta crise sanitaria.

En definitiva, o noso concello debe traballar, coa máxima lealdade e coordinación coas restantes administracións, sendo sensible ás graves dificultades económicas que están sufrindo moitos autónomos e pemes dedicados a servizos como os do comercio ou a hostalería, entre outros, que viron reducido dun xeito importante o seu nivel de facturación. É urxente que todas as administracións, cada unha dende o seu ámbito competencial, adoptemos medidas de emerxencia para non agravar o paro e a crise económica.

Dende este concello tamén debemos achegar liquidez a estas pemes e autónomos, minorar a carga impositiva que están soportando, establecer unha moratoria no pago de determinados tributos, apoiar institucionalmente ao tecido produtivo local e axilizar ao máximo a tramitación administrativa de licenzas ou a adaptación destas, así como os prazos de pago aos provedores e co obxectivo de que a recuperación económica e social se produza á maior brevidade posible.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**:

**1º.-** Reservar unha partida específica nos orzamentos municipais para un Plan de reactivación económica e social para os autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten na porcentaxe que se acorde unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020. Estas axudas municipais serán compatibles con aquelas outras que adopten outras administracións.

**2º.-** Destinar parte dos fondos que o municipio reciba do mecanismo europeo Next Generation Europe ao apoio aos autónomos e pemes especialmente paralizados no concello desde o 13 de marzo de 2020, co obxectivo de que poidan desenvolver accións de dixitalización e eficiencia enerxética, entre outras elixibles nestes fondos, que lles permitan reactivar o seu negocio.

**3º.-** Modificar as ordenanzas fiscais reguladoras dos impostos sobre actividades económicas e vehículos de tracción mecánica aproximándoas ao mínimo legal.

Así mesmo, modificar as ordenanzas fiscais reguladoras das taxas polos servizos de subministración de auga, de saneamento e depuración de augas residuais, de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, establecendo unha exención total da que se beneficiarán aqueles autónomos e pemes con domicilio fiscal no noso concello que acrediten unha baixada nos seus ingresos ou unha perda de facturación nos seus negocios desde o 13 de marzo de 2020.

Así mesmo, tamén se posibilitará nestas mesmas ordenanzas a concesión extraordinaria de solicitudes de aprazamento ou fraccionamento de pago de prezos públicos, taxas locais e impostos municipais.

**4º.-** Proceder do xeito máis áxil e rápido posible á devolución das taxas municipais que gravaron as terrazas desde o 13 de marzo de 2020 e aínda non se devolvan, así como das contías do Imposto sobre construcións, instalacións e obras

(ICIO) daqueles titulares de actividades que solicitaron licenza no 2020 e que non puideron abrir como consecuencia da pandemia.

5º.- Continuar flexibilizando temporalmente no noso concello o uso e ocupación da vía pública, permitindo unha ampliación dos espazos habilitados para a ocupación de terrazas por parte dos locais de hostalería, así como a instalación e uso de elementos que permitan o seu aproveitamento no inverno (calefactores, cubertas, etc.).

6º.- Axilizar o pago das facturas pendentes, así como reducir os tempos medios de pago a provedores, especialmente a autónomos ou pemes.

7º.- Realizar unha constante campaña institucional de apoio ao comercio, hostalería e do sector empresarial local."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por dezasete votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP para a adopción de medidas económicas e sociais en defensa dos autónomos e das pemes afectados polas restricións impostas pola crise sanitaria derivada do Covid-19.

## 2. PARTE DECLARATIVA

### 2.1. Declaracións institucionais

**Acceso á videoacta – 00:45:20 horas**

#### **Única. Declaración institucional con ocasión da conmemoración do 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller**

A secretaria xeral dá lectura á declaración apoiada polos vinte e un concelleiros e concelleiras que integran a Corporación municipal, que consta do seguinte teor literal:

«Con ocasión da conmemoración do 25 de novembro, Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller, a Corporación do Concello de Cambre reitera o seu compromiso coa loita contra a violencia que se exerce contra as mulleres, polo mero feito de selo e contra as súas fillas e fillos, e alerta sobre os riscos que asexan ás políticas de igualdade.

De xeito global, estamos vivindo un momento histórico no que os esforzos para frear a propagación da Covid-19 obrigan a medidas de confinamento que puxeron e continúan poñendo en perigo ás mulleres e ás súas fillas e fillos, e aumentan o poder e control de quen converte os fogares en lugares inseguros.

É urxente combinar as medidas que buscan retardar a propagación do virus e a capacidade de resposta dos sistemas de saúde coa erradicación das condutas que reproducen e perpetúan a desigualdade e coa protección de quen sofre as súas consecuencias.



A pandemia que asola mundialmente a unha poboación asustada e inmersa na incerteza está profundando a fenda de xénero tanto no uso de recursos públicos como no acceso ao emprego, ampliando as dificultades de equilibrio entre a vida persoal, profesional e familiar e dificultando a independencia económica das mulleres.

A crise sanitaria puxo de manifesto a vulnerabilidade do noso sistema sanitario e de protección social xerando un freo ás políticas transformadoras impulsadas durante a última década e poñendo en risco os avances alcanzados en materia de igualdade.

Un risco que pode obstaculizar ou facer retroceder os dereitos de igualdade alcanzados no noso país e repercutir negativamente os seus efectos sobre as políticas e avances de igualdade.

Este desafío pasa por alcanzar unha forte cooperación e asociación entre gobernos e organizacións da sociedade civil que garanta que a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres continúan na axenda política como factor esencial para facer fronte á crise do COVID-19, a curto prazo, e como elementos clave para favorecer a recuperación social, económica e sanitaria de todas as persoas a nivel global, a longo prazo.

É por iso, que a atención e a planificación que deben ofrecer os gobernos estatais, autonómicos e locais debe incorporar a perspectiva de xénero e ser, ademais, unha resposta coordinada, directa e efectiva para todos, facendo un especial fincapé nas mulleres e as nenas.

Neste contexto, as administracións públicas e os seus gobernos deben garantir a continuidade na prestación de servizos e poñer en marcha solucións innovadoras que garantan unha resposta coordinada e integrada que protexa os dereitos humanos e a seguridade e recuperación das vítimas do machismo.

Para iso, o Concello de Cambre DECLARA:

- Alertamos sobre o perigo das políticas de illamento e confinamento que supoñen un aumento dos niveis de violencia doméstica, sexual e de xénero, polo que requiren unha maior protección.
- Reivindicamos o determinante papel transformador dos gobernos locais durante e despois da crise do Covid-19 á hora de construír economías e sociedades máis igualitarias, inclusivas e sostibles.
- Lembramos que é necesario garantir que a igualdade de xénero e os dereitos das mulleres continúan na axenda política como factor esencial para facer fronte á crise do Covid-19, a curto prazo, e como elementos clave para favorecer a recuperación social, económica e sanitaria de todas as persoas a nivel global, a longo prazo.
- Defendemos a necesidade de promover accións globais consensuadas que garantan a continuidade das políticas dirixidas á eliminación das normas sociais discriminatorias e o reforzo dos programas de prevención e loita contra a violencia de xénero.
- Reclamamos unha resposta coordinada que integre a perspectiva de xénero como fío condutor o deseño das solucións que freen a crise económica e social orixinada pola Covid.
- Demandamos a implementación de proxectos e programas locais que garantan a igualdade de xénero no emprego e o apoio ao espírito empresarial das mulleres, como medidas para preservar a súa independencia económica e previr a violencia de xénero.
- Manifestamos a nosa preocupación polas altas taxas de emprego temporal das mulleres que, unido á destrución e á caída do emprego advirten dun perigoso aumento da fenda de xénero.
- Denunciamos a carga que supón para as mulleres as situacións de “confinamento selectivo” no ámbito escolar e respecto das persoas dependentes e as consecuencias que pode ter para o desenvolvemento óptimo da súa carreira profesional xerando novas formas de violencia social cara a elas, baseada na reprodución de roles sexistas.
- Ratificamos o noso compromiso co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e lembramos a necesidade de continuar avanzando no seu desenvolvemento.
- Esiximos a transferencia dos fondos asignados para o exercicio 2020 como medio de garantir a continuidade da senda de traballo iniciada.
- Instamos ao Goberno do Estado a desenvolver as medidas de actuación do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, concretamente as que se recollen no seu Eixo 5 que fai referencia ao impulso da formación dos distintos

axentes para garantir a mellor resposta asistencial, xa que para ofrecer ás vítimas de violencia de xénero a mellor asistencia posible é necesario que se amplíe a formación especializada de todos os/as profesionais que interveñen na prevención, protección e axuda psicosocial ás vítimas.

- Instamos ao Goberno da Xunta de Galicia a reforzar o apoio, colaboración e coordinación coas entidades locais en materia de formación do persoal da administración local, concretamente, na sensibilización, prevención e atención integral en materia de violencia de xénero.
- Comprometémonos a desenvolver programas e accións formativas específicas en materia de igualdade de oportunidades e violencia de xénero, dirixidas a todo o persoal da administración local (non só dirixida ao persoal dos centros de información a muller e dos servizos sociais) así como a todas as persoas integrantes da Corporación municipal.
- Instamos ao Goberno de España a que se modifique a Lei orgánica 1/2004 de medidas de protección integral contra a violencia de xénero ampliando a propia definición de violencia de xénero, cumprindo co ratificado dentro do Convenio de Istambul en 2014. É dicir, que se inclúan as violencias contra as mulleres fóra do ámbito da parella ou exparella, que se incorpore a violencia sexual, laboral, institucional e tamén que se incorporen os ventres de aluguer e a prostitución como violencia de xénero.
- Instamos ao Goberno de España a que desenvolva unha lei integral para loitar contra a trata de seres humanos, que ademais de previr e perseguir esta secuela e as redes de delincuentes que se lucran con esta “esclavitude moderna”, conteña un plan de integración para as miles de vítimas, a maior parte mulleres e nenas, aínda sen cuantificar no Estado español, que é un dos principais destinos europeos das migrantes captadas polas redes para exercer a prostitución.
- Instamos a que na comisión sectorial de igualdade se amplíe o tempo de acreditación de vítima de violencia de xénero para posibilitar a súa inclusión en procesos de incorporación sociolaboral.
- Instamos a realizar un informe de impacto de xénero das propostas recollidas nos plans de reconstrución para incluír os factores de corrección necesarios para evitar aumentar os desequilibrios de xénero existentes.
- Comprometémonos a impulsar plans de igualdade con suficientes recursos humanos e materiais. Así como mellorar os datos para a sensibilización social e a planificación e avaliación das políticas de igualdade.
- Instamos a avaliar a posta en marcha do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero nas entidades locais e autonómicas, para garantir que se está utilizando de maneira adecuada e os obxectivos que se están traballando.
- Instamos ao Goberno a implentar a educación afectivo-sexual e contra a discriminación e violencia de xénero desde a óptica feminista e desde a diversidade en todas as fases educativas.
- Solicitamos que se reforcen as actuacións con menores en contexto de violencia de xénero e as actuacións dos puntos de encontro para adecuarse ao contexto.
- Instamos a que se desenvolvan plans de formación e sensibilización contra a violencia de xénero de obrigado cumprimento ao persoal sanitario, educativo, xurídico e ás Forzas e Corpos de Seguridade, con cursos mantidos no tempo, actualizados e avaliábeles.
- Solicitamos que se fortaleza a rede pública de atención ás vítimas internalizando os servizos de atención directa, de acollida e a atención do teléfono de atención á violencia para posibilitar empregos dignos como primeiro paso para a boa atención, información e asistencia das vítimas de violencia de xénero.
- Solicitamos que se desenvolva e profundar nas campañas de concienciación e información específicas para o contexto actual, implicando ás contornas próximas ás mulleres que sofren a violencia para que as apoiem e comuniquen a situación ás administracións correspondentes.»

## 2.2. Mocións dos grupos municipais

### **Acceso á videoacta – 00:54:57 horas**

Faise constar que cando son as vinte horas e cincuenta e oito minutos auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG.

### **Acceso á videoacta – 00:55:05 horas**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) para a eliminación da peaxe na área de intervención do Plan sectorial viario en vigor. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **A) Moción do equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) para a eliminación da peaxe na área de intervención do Plan sectorial viario en vigor (A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros e Sada)**

O equipo de goberno (UxC e PSdeG-PSOE) presenta como moción o texto proposto pola Asociación de veciños afectados por infraestruturas no municipio de Cambre, rexistrado de entrada ao núm. 0/4203, o día 17 de novembro de 2020, que consta do seguinte teor literal:

##### **«A PROBLEMÁTICA.**

Partimos da base de que hoxe xa ninguén dubida que a cidade da Coruña e o seu contorno próximo constitúe unha realidade económica e funcional no día a día.

Que este recoñecemento consolidouse, entre os axentes sociais, económicos e no conxunto da poboación, a pesar de tardar 20 anos.

Que xa nos seus primeiros esquemas o Plan sectorial viario, aprobado no ano 2004, e actualmente en vigor, partía das seguintes premisas:

Que un dos principais obxectivos de toda planificación viaria é a "**Vertebración Territorial**" (*busca o equilibrio no desenvolvemento dos distintos municipios afectados. O obxectivo é integrar a todos os municipios da área de maneira que a rede de comunicacións favoreza a relación entre eles*).

Polo que as funcións da rede viaria consisten basicamente en "**vertebrar o territorio**" e en dotalo dunha axeitada "**Mobilidade**". É dicir, o Plan sectorial viario non se redacta desde a perspectiva dun Plan de estradas senón dun Plan de ordenación, e polo tanto xestión, do territorio, a súa condición non atende só a un sistema funcional senón que tamén contén compoñentes de integración e económicos, de aquí a súa gran importancia.

##### **Son os seus obxectivos:**

- Mellora da accesibilidade intrazonal, que actúa como elemento potenciador da actividade comercial.
- Dotación duns niveis mínimos de accesibilidade para as zonas rurais e urbanas máis desfavorecidas.
- Procura de cohesión social de maneira que se estableza un maior equilibrio territorial, integrando estes ámbitos máis desfavorecidos nas relacións económicas e sociais.

Para a consecución destes obxectivos, o Plan sectorial insiste repetidamente en dous factores claves:

No aspecto funcional, o cumprimento de obxectivos pasa por completar un sistema en "**Forma de malla**".

A outra condición é a "**Eliminación das peaxes**" no interior da área de estudo.

Estas premisas son compartidas polas D.O.T. (Directrices de Ordenación do Territorio), aprobadas no ano 2011. Cando no seu apartado 2.3.2. "As infraestruturas da rexión urbana e de conexións exteriores" indica: "Especial atención terán as intervencións que se desenvolvan no propio espazo metropolitano da Coruña ..... hai que destacar..... a nova circunvalación que na área da Coruña se expón mediante a Vía Ártabra e a Terceira Ronda e a autovía transversal Arteixo - Terceira Ronda".

O desenvolvemento e execución do Plan sectorial pon en evidencia a dificultade que existe para dar cumprimento a estas dúas cuestións, definidas como esenciais. Por un lado a eliminación das peaxes, (Cambre e Arteixo) choca con Audasa, Fomento e a Xunta de Galicia que non acaban de definir, concretar e aclarar a súa posición neste asunto nas zonas afectadas.

Por outra a construción da malla queda diluída nos trazados propostos e en cal é o seu tempo de execución.

Nestas condicións o expoñer que o Plan sectorial non se está cumprindo nos seus elementos básicos, e polo tanto non garante nin a mellora da accesibilidade interzonal, nin a dotación de niveis mínimos de accesibilidade e sobre todo o nivel de cohesión social requirido, non é máis que a evidencia dunha realidade.

O que significa: Dificultade das relacións comerciais, non integración das zonas rurais e urbanas máis desfavorecidas, nula cohesión social, incremento da desigualdade de oportunidades. En resumo, falta de proxecto metropolitano e como consecuencia perda de competitividade respecto doutras áreas mellor organizadas.

## **A OPORTUNIDADE.**

O Pacto de investidura PSOE, BNG.

O acordo unánime do Parlamento Galego sobre o traspaso da AP9 á Comunidade Autónoma.

As actuacións realizadas na última década na área Urbana Vigo – Pontevedra; as actuacións na área urbana de Santiago de Compostela, en canto a liberalizar os tramos de autoestrada que actúan como circunvalación da Cidade en Santiago e Vigo.

O último anuncio de liberalización do tramo Vigo-Redondela.

A improrrogable necesidade de superar os atrancos: "Eliminación das peaxes e formulación da trama", na área urbana da Coruña.

Fannos concibir este momento como a última posibilidade de situar estas históricas reivindicacións na axenda da acción política.

Entendemos como posible abordar cuestións como o traslado inmediato do tramo Guísamo-Coruña á Xunta de Galicia e a súa transformación en autovía urbana. O poñer enriba da mesa que a execución da Vía Ártabra a asuma Fomento como elemento de conexión entre redes estatais: N-VI, AP-9, A-6.

Entendendo estas propostas como exemplos que atendan a dar solución aos obxectivos compartidos e expresados no Plan sectorial viario.

## **AS REIVINDICACIÓNS:**

As xa definidas:

Eliminación das peaxes na área da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre, Oleiros, Sada.

Consolidación da trama Viaria mediante a execución das transversais ao interior da área do Plan sectorial:

1. Eixe Sta. Cruz (Oleiros), Seixal (Cambre), Aeroporto, conectando con A-6 (Arteixo) e Terceira Ronda (A Coruña).

2. Por outra parte a consolidación do trazado da Vía Ártabra entre a N-VI e a A-6, con conexión na AP-9, coa condición xa requirida de eliminación da peaxe. E a autovía transversal Arteixo-Terceira Ronda. Estes como a nova circunvalación transversal da área metropolitana.

Bonificación a usuarios recorrentes nas áreas de Betanzos, Bergondo.

### **POLO EXPOSTO SOLICÍTASE:**

Das tres escalas da administración: Estatal, Autonómica e Local, atendan a potenciar ámbitos de entendemento efectivos para dar solucións efectivas ás tan reclamadas necesidades de: "Liberalización das peaxes ao interior da área do Plan sectorial, a concreción de compromisos onde se fixen datas de execución, orzamentos e administración para a consecución dos obxectivos previstos e aclarados con anterioridade e a bonificación recorrente aos concellos limítrofes."

Todo iso na busca da mellor solución atendendo aos aspectos económicos, medioambientais, de afección á poboación, afección ao patrimonio, etc.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites).

O Pleno municipal, por dezaoito votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

### **Acceso á videoacta – 01:08:26 horas**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garanta o dereito constitucional á propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### **B) Moción do grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garanta o dereito constitucional á propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4458 o día 20 de novembro de 2020. Consta do seguinte teor literal:

«A ocupación ilegal de vivendas, segundo os últimos datos publicados, creceu un 58% nos últimos cinco anos, pasando de 7.739 casos denunciados en 2013 a 12.214 en 2018.

Soamente entre os meses de xaneiro e xuño de 2020 rexistráronse 7.450 denuncias por ocupación, un 5% máis que no mesmo período o ano pasado, segundo datos do Ministerio do Interior. De media, prodúcese 41 denuncias diarias por ocupación ilegal de inmobles.

Os cálculos estiman que hai un mínimo de 87.000 vivendas ocupadas ilegalmente en España ás que habería que sumar aquelas cuxa ocupación non se denunciou.

Estes datos amósannos como a ocupación ilegal é un problema crecente no noso país que non só ataca o dereito á vivenda e á propiedade privada recollidos na Constitución Española (artigos 47 e 33 respectivamente), senón que, ademais, altera gravemente a convivencia veciñal y pon en serio risco a seguridade e integridade de persoas e bens.

Esta alteración da convivencia veciñal prodúcese pola proliferación de bandas organizadas que se dedican a ocupar inmobles para alugalos de forma ilegal a persoas ou familias en situación de vulnerabilidade ou para conseguir do lexítimo propietario diñeiro a cambio de desalojar a vivenda usurpada ilegalmente.

Nos últimos anos producíronse avances legislativos na loita contra a ocupación ilegal de vivendas, como ocorreu en 2018 a través da Lei 5/2018, que modificou a Lei 1/2000 de axuízamento civil en relación coa ocupación ilegal de vivendas acurtando prazos e axilizando procedementos.

Pero é necesario, á vista das cifras anteriormente mencionadas, reforzar o ordenamento xurídico para que o os ocupas non poidan ampararse en ningún baleiro legal e protexer e garantir de maneira contundente a propiedade privada, a convivencia e a seguridade xurídica, ademais de loitar activamente contra as mafias que fixeron da ocupación ilegal o seu negocio.

Para iso, o Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados presentou unha proposición de lei orgánica que, por un lado, reforza o concepto de domicilio, pero ligado ao do lexítimo propietario, posuidor ou titular dun dereito sobre a cosa inmoble, fronte a quen ocupa sen título e sen tolerancia do primeiro.

E, por outro lado, define por primeira vez de maneira inequívoca que é a ocupación ilegal: *“a tenza ou desfrute de cousa inmoble allea, sen pago de renda ou mercé, nin razón de dereito, que non se atopa amparada na mera liberdade ou tolerancia do propietario ou posuidor real.”*

Esta proposición de lei introduce medidas como que a autoridade pública ou os seus axentes poderán desalojar as vivendas ocupadas ilegalmente nun prazo de 12 horas sen necesidade de agardar meses; considera nula a inscrición no Padrón municipal cando a persoa inscrita sexa un ocupa ilegal; axiliza o proceso penal para xulgar este tipo de delincuencia e regula novas penas para quen fomente a ocupación ilegal e se estas persoas son responsables políticos inclúe unha inhabilitación de 15 anos para exercicio de cargo público.

Ademais, esta proposición de lei reforza os medios dos que dispoñen as comunidades de propietarios para combater a ocupación ilegal, e as negativas consecuencias que ten para a convivencia e a seguridade dos veciños, que poderán adoptar medidas preventivas tales ou pechar portas ou ventás.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**1º.-** Manifestar o firme compromiso do Concello de Cambre coa defensa do dereito á propiedade privada e a loita contra a ocupación ilegal de vivendas.

Un compromiso que é compatible co apoio e protección daqueles veciños e familias que se atopan en situación de emerxencia social, vulnerabilidade ou exclusión social por motivo de vivenda.

**2º.-** Instar ao Goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garanta o dereito constitucional á propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas.

**3º.-** Apoiar as modificacións legais e as medidas incluídas na proposición de Lei orgánica contra a ocupación ilegal e para a convivencia veciñal e a protección da seguridade das persoas e cousas nas comunidades de propietarios presentada polo Grupo Parlamentario Popular no Congreso dos Deputados.

**4º.-** Dar traslado deste acordo ao ministro de Xustiza e á presidenta e voceiros dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común).

O Pleno municipal, por dezaseis votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno de España a aprobar de maneira urxente unha lei que garanta o dereito constitucional á propiedade privada e combata eficazmente a ocupación ilegal de vivendas.

#### **Acceso á videoacta – 01:22:51 horas**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno a modificar a Lei orgánica de modificación da LOE. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **C) Moción do grupo municipal do PP para instar ao Goberno a modificar a Lei orgánica de modificación da LOE para aumentar a calidade do noso sistema educativo e garantir os dereitos fundamentais dos españois recollidos na Constitución**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4454 o día 20 de novembro de 2020. Consta do seguinte teor literal:

«A nova lei educativa, a Lei orgánica de modificación da Lei orgánica de Educación (LOMLOE) ou “lei Celaá” foi tramitada polo Goberno de España de costas á comunidade educativa en particular e á sociedade española en xeral:

- Iniciou o seu trámite parlamentario en pleno estado de alarma e o Goberno utilizou a situación de pandemia para acelerar os prazos parlamentarios e furtar o debate que unha lei destas características esixe.
- O proxecto de lei non foi informado polo Consello de Estado nin polo Consello Escolar do Estado.

- Rexeitouse a solicitude do Grupo Popular para que expertos e representantes da comunidade educativa (profesores, padres, alumnos, etc.) informaran e asesoraran á Comisión de Educación e FP do Congreso. Un feito sen precedentes no debate doutras lei educativas.
- A votación de todas as emendas ao articulado e o debate público na Comisión de Educación e Formación Profesional do Congreso desenvolveuse nunha única sesión. Os diferentes grupos parlamentarios tiveron que debater e votar nunha única sesión máis de mil emendas.

Ademais desta falta de diálogo, consenso e transparencia, a "lei Celaá" representa a imposición dun modelo caduco, anticuado e superado, o da LOE de Zapatero que conduciu ao noso país a taxas de abandono educativo temperán próximas ao 30%. A LOMLOE representa un regreso aos principios da LOGSE tan nefastos para o conxunto do sistema educativo.

A LOMLOE (tanto na súa redacción orixinal como a través das emendas presentadas polo PSOE e Podemos en convivencia cos partidos separatistas) supón a ruptura do Pacto Constitucional en materia educativa:

**1º.-** Suprime as liberdades educativas consagradas no artigo 27 da Constitución Española e con iso impide ás familias españolas elixir a educación e o centro educativo que queren para os seus fillos.

**2º.-** Ignora as competencias exclusivas do Estado establecidas no artigo 149 da Constitución, de regulación das normas básicas do desenvolvemento do dereito á educación e á liberdade de ensinanza ademais de na obtención, expedición e homologación de títulos.

**3º.-** Elimina a condición do castelán como lingua oficial do Estado e como lingua vehicular na ensinanza, no marco dun bilingüismo ou trilingüismo integrador.

Desde o Partido Popular consideramos a LOMLOE un ataque frontal á nosa democracia e un freo para que o noso sistema educativo acade os niveis de calidade, equidade e liberdade propios dos sistemas educativos máis modernos e innovadores, aqueles que permitiron avanzar cara a niveis moi importantes de coñecementos e competencias.

Por iso o Grupo Municipal Popular no Concello de Cambre presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**1º.-** Instar ao Goberno de España a volver ao pacto constitucional en materia educativa e a respectar a doutrina constitucional nas súas diferentes sentenzas que garanten o dereito das familias a elixir o modelo educativo e o centro onde escolarizar aos seus fillos, así como a presenza no sistema educativo dos centros de ensinanza diferenciada como unha opción pedagóxica máis á que as familias teñen dereito a acceder en condicións de igualdade.

**2º.-** Respectar e cumprir o artigo 27.3 da Constitución que obriga aos poderes públicos a garantir o dereito que asiste aos pais para que os seus fillos reciban a formación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións.

**3º.-** Adoptar as medidas oportunas para que a ensinanza da lingua castelá e as linguas cooficiais non sexa fonte de discriminación no exercicio do dereito á educación.

**4º.-** Estender a gratuidade ás etapas post obrigatorias: bacharelato e formación profesional e configurar a etapa de educación infantil de 0-3 anos como unha etapa voluntaria e gratuíta, garantindo que ningún alumno quede sen escolarizar por razóns socioeconómicas.

**5º.-** Garantir a existencia e gratuidade dos centros de educación especial tanto na rede pública como privada concertada como elementos importantes dun modelo educativo especializado e plural que permita elixir ás familias a opción máis adecuada aos seus intereses e necesidades.

**6º.-** Incorporar as medidas de calidade e excelencia referentes nos países da nosa contorna co fin de superar os niveis de coñecementos e competencias esixibles aos sistemas educativos no marco europeo: avaliación transparente e rendición de contas, autonomía dos centros, reforzo da función directiva, etc.

**7º.-** Respectar os corpos nacionais do profesorado. Neste marco, aprobar un sistema de selección, formación e carreira profesional para os docentes que permita situalo no epicentro da mellora da calidade do sistema educativo.



**8º.-** Implantar aquelas medidas que incrementen a cohesión e vertebración do sistema educativo e garantan a igualdade de oportunidades:

- Creación dun fondo de cohesión territorial que permita un financiamento adecuado das comunidades autónomas e permita actuacións preferentes naquelas zonas xeográficas ou centros educativos que precisen medidas de calidade específicas.
- Reforzo da alta inspección educativa para asegurar que o dereito á educación sexa exercido en igualdade de oportunidades en toda España e que as ensinanzas se imparten con observancia do disposto pola Constitución Española.
- Implantar unha proba xeral de bacharelato, única en toda España, conducente a título co fin de garantir uns niveis básicos de calidade en todo o sistema e asegurar a igualdade de oportunidades no acceso á universidade.
- Implantar un plan de avaliación xeral do sistema educativo, de periodicidade trienal que permita ao estado dispoñer dunha diagnose certo do sistema e adoptar as decisións adecuadas para a súa mellora continua.
- Diseñar un currículo común en toda España que represente o 65% das ensinanzas comúns nos seus propios termos naquelas comunidades autónomas sen lingua cooficial e o 55% naquelas que teñan lingua cooficial.

**9º.-** Avanzar cara á modernización e transformación do sistema educativo. Neste sentido:

- Desenvolver un plan integral para a modernización e transformación dixital do sistema educativo avanzado cara ao pleno dominio por parte de todos os alumnos das competencias dixitais.
- Incorporar a obrigatoriedade no sistema educativo español da aprendizaxe dunha segunda lingua estranxeira.
- Reforzar e modernizar a formación profesional dual adecuándoa ás esixencias do noso modelo produtivo.
- Incorporar á lexislación básica dun plan de emerxencia educativa para situacións de catástrofes, crises sanitarias ou contaminacións graves.

**10º.-** Apoiar o recurso de inconstitucionalidade anunciado polo Partido Popular contra a LOMLOE para garantir que non se vulneran dereitos recollidos na nosa Carta Magna como a liberdade de elección ou o dereito a recibir educación en castelán, lingua oficial de España segundo marca o artigo 3 da Constitución.

**11º.-** Dar traslado deste acordo ao presidente do Goberno e á ministra de Educación e Formación Profesional, así como aos voceiros dos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados.»

Faise constar que cando son as 21:52 horas, durante o debate da moción, auséntase da sesión o señor alcalde e ocupa a presidencia o primeiro tenente de alcalde, don Juan González Leirós. O señor alcalde reincorpórase á sesión antes da votación do asunto, exercendo o seu dereito a voto dende a zona destinada ao público.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por dezasete votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do PP para instar ao Goberno a modificar a Lei orgánica de modificación da LOE para aumentar a calidade do noso sistema educativo e garantir os dereitos fundamentais dos españois recollidos na Constitución.

**Acceso á videoacta – 01:57:12 horas**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG para lograr a redución ao 50% da capacidade das prazas do transporte colectivo. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **D) Moción do grupo municipal do BNG para lograr a redución ao 50% da capacidade das prazas do transporte colectivo**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4455 o día 20 de novembro de 2020. Consta do seguinte teor literal:

"O transporte colectivo xoga un papel crucial no desenvolvemento da vida do conxunto da poboación galega, con especial incidencia en concellos que, como o noso, están situados na contorna dunha área metropolitana e presentan características rururbanas no relativo ao asentamento e distribución territorial da poboación.

Xa sexa para estudar, para ir ao centro de traballo ou para levar a cabo actividades cotiás que van do lecer ao consumo, da sanidade ao deporte... unha grande parte da nosa veciñanza recorre ao transporte público colectivo en formas diversas, primando no noso caso en grande medida, o uso do bus sobre o do tren. Neste contexto de pandemia é preciso garantir a seguridade das persoas atendendo ás normas sanitarias co fin de frear os contaxios e a expansión do virus da COVID-19 no noso país. Foron moitas as medidas restritivas adoptadas polo Goberno da Xunta de Galicia e do Estado español, sendo as últimas as do confinamento de ata 60 concellos do noso país, o peche da hostalaría nestes concellos e a imposición do toque de recoller de 23 h a 06 h en todo o territorio galego.

Estas medidas poñen o foco do contaxio nas actividades sociais relacionadas ao consumo nos locais de hostalaría e nas reunións familiares e de amizade en domicilios particulares, máis vemos como onde hai máis contacto entre persoas e onde máis se vulneran as condicións de seguranza sanitaria é nos centros de traballo, nos centros de ensino e no transporte colectivo. Dende o comezo desta segunda ola da pandemia observamos un transporte colectivo masificado, ategado de xente nas horas puntas sen que o Goberno galego (administración con competencias efectivas na materia) tomase medidas ao respecto, co fin de garantir unha baixada das ratios de ocupación no transporte.

Casos concretos hainos, todos os días, en numerosas franxas horarias, no noso termo municipal. Moitas foron as protestas das usuarias destes servizos que ven vulnerada a súa seguridade e saúde e é responsabilidade do Goberno da Xunta de Galicia poñer ás persoas e á súa saúde no centro das medidas e das políticas sanitarias. Lonxe de tomar medidas que reforcen a seguridade sanitaria, a Xunta de Galicia decide permitir a ocupación da totalidade das prazas no transporte colectivo, afondando aínda máis no risco que supón tomar este tipo de medidas en ámbitos fundamentais para o desenvolvemento da vida cotiá das persoas.

Faino ademais, logo de que durante uns días, a ocupación estivese acoutada a un 50% das prazas sentadas, medida en principio máis lóxica. Parece claro que o interese económico privativo de determinadas empresas, concesionarias dun servizo público, prima para o Goberno de Galicia sobre a defensa da saúde nun contexto tan complicado como o da pandemia que estamos a padecer.

O concello é a administración máis próxima á cidadanía, a primeira porta na que petan persoas, na súa maioría clase traballadora, estudantado e xentes de idade avanzada que teñen no transporte público colectivo unha ferramenta indispensable para levar adiante as súas vidas. Non podemos permanecer impasibles fronte a aplicación dunhas medidas que atentan contra algo tan básico e elemental coma o dereito á saúde.

É por todo o anteriormente exposto que propoñemos ao Pleno da Corporación a seguinte proposta de ACORDO:

- 1.- Instar á Xunta de Galicia a garantir que os autobuses que prestan servizos supramunicipais teñan un aforo non superior ao 50% da súa capacidade en prazas sentadas habitual.
- 2.- Instar á Xunta de Galicia a negociar coas empresas concesionarias os necesarios aumentos de autobuses para satisfacer a demanda baixo as condicións anteriormente expostas.
- 3.- Instar á Xunta de Galicia a acometer unha mellora urxente da capacidade e superficie de determinadas paradas de autobús co obxecto de, antes de chegar o inverno, garantir unha maior distancia a cuberto entre as persoas usuarias do transporte público.
- 4.- Garantir, como concello, que o bus intramunicipal circule como máximo a un 50% da súa capacidade e debidamente ventilado, dispoñendo en todo momento de xel desinfectante a disposición do público usuario."

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común, e dona María José García Hidalgo, de C's). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei) e os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por quince votos en contra, rexeitou a moción presentada polo grupo municipal do BNG para lograr a redución ao 50% da capacidade das prazas do transporte colectivo.

#### **Acceso á videoacta – 02:12:08 horas**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por EU-Son en Común para frear a proliferación das casas de apostas. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

#### **E) Moción de EU-Son en Común para frear a proliferación das casas de apostas**

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4456 o día 20 de novembro de 2020, xunto con outra moción presentada para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

«O pasado martes 3 de novembro, aprobouse no Consello de Ministros o novo Real decreto-lei de publicidade do xogo. Este RDL incorpora unha serie de medidas moi importantes como a prohibición dos bonos de benvinda, a limitación dos

anuncios de xogos de apostas e azar e a prohibición dos patrocinios en equipamentos deportivos, entre outras. Todo isto vén acabar coa "lei da selva" existente que provocara o bombardeo constante de publicidade en todo tipo de medios e espazos publicitarios.

Actualmente, hai uns 911.218 usuarios activos nas casas de apostas, segundo o último Informe trimestral do mercado do xogo online (1T 2020), un 65,54% máis que no mesmo segmento do 2016, sendo alarmante nos sectores xuvenís. Non só corresponde ás apostas deportivas, tamén ao póker, casino e bingos virtuais. Ademais, durante estes últimos anos o gasto en publicidade está a ser moi importante flutuando entre os 300 e 145 millóns. En España hai máis de medio centenar de empresas con licenza no negocio online e presencial.

O xogo patolóxico é un trastorno que figura entre as adiccións de tipo comportamental nas clasificacións médicas e psicolóxicas e que ten especial incidencia nos sectores poboacionais máis precarios. Consiste na perda do control do comportamento en relación ao xogo que se caracteriza por ter graves consecuencias para as persoas como problemas académicos, laborais, económicos, sociais e/ou legais asociados ao xogo, así como á súa contorna máis próxima. Ademais, non debemos esquecer que non fai falta ser un ludópata para ter un problema co xogo. Estímase que 1 de cada 4 xogadores que xogou nos últimos 12 meses presenta algún tipo de problema co xogo (rouba diñeiro, endebedase, xoga compulsivamente...).

Téntase á clase traballadora, que normalmente non pode acceder a un traballo estable dado o enorme paro crónico, a que arrisquen as súas rendas gañadas en traballos precarios. Non é estraño que nos barrios e localidades onde menos renda hai, sexa onde as políticas neoliberais causen máis efectos negativos a través das casas de apostas.

Estas afectan especialmente á mocidade e aos barrios máis humildes, onde a falta de expectativas, dun futuro estable e de alternativas de lecer son o caldo de cultivo perfecto para doses rápidas de adrenalina onde conseguir diñeiro sen esforzo.

Tampouco é admisible que as casas de apostas aumenten día a día os seus beneficios e deixen ás familias e ao conxunto da sociedade á abriga de custear integramente o tratamento das persoas ás que enganaron. É de xustiza, por tanto, aumentar a contribución que os beneficios destas empresas teñen que facer ao conxunto da sociedade para que se poida tratar de maneira eficaz ás persoas adictas ao xogo e para que se poidan investigar eses mecanismos e prever futuras adiccións, así como tomar medidas que poñan freo á expansión deste tipo de locais e garantir desde as institucións o dereito ao lecer.

De forma física ou a través de Internet, o que se esconde detrás de cada aposta é o mesmo: a falsa realidade de que podemos xerar riqueza con pouco esforzo. O que non contan é que o beneficio dun día é a perda do outro, e que mesmo esta perda pode ser aínda maior. **Non é cuestión de sorte que, en última instancia, sexa o dono da casa de apostas o único que gañe, é cuestión de matemáticas.**

É o momento de que as diferentes institucións **adapten a normativa á realidade social, económica e tecnolóxica da actividade do xogo** antes de que se converta nunha secuela sen retorno.

Expomos nesta moción unha serie de medidas, a nivel municipal e supramunicipal, para atallar esta problemática e garantir o dereito ao lecer digno e accesible en todos os pobos e barrios do noso país.

Por todo iso, EU Cambre propón ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Instar ao Goberno autonómico a establecer unha distancia mínima de 700 metros lineais entre as casas de apostas presenciais e os centros educativos de ensino obrigatorio, formación profesional, universitaria, centros de rehabilitación e hospitais.
2. Instar ao Goberno autonómico a que os expedientes de solicitudes de licenzas de apertura de casas de apostas que estean tramitándose decaian e non se permita manter así de forma irregular o número de concesións que recolle o decreto 72/2019, do 4 de xullo.
3. Instar ao Goberno autonómico a que prohiba as terminais de apostas deportivas en salóns de xogo, bingos, casinos e bares.

4. Instar ao Goberno autonómico a que implemente regularmente plans de inspección nas casas de apostas presenciais para aumentar os controis e previr o acceso ás persoas menores de idade. Así mesmo, realizaranse programas de formación da Policía Local, Garda Civil e Policía Nacional sobre a aplicación da normativa e as infraccións máis habituais relacionadas coas apostas e o xogo. Para poder complementar esa delimitación no acceso a persoas menores, o Goberno autonómico solicitará as empresas explotadoras de estas casas de apostas a contratación de persoal de vixilancia privada para colaborar coas forzas de seguridade do Estado.
5. Instar ao Goberno local, en colaboración coas entidades locais, a realizar actividades informativas nos centros educativos, no marco da prevención de adiccións xeradas polo xogo e as apostas, para informar dos riscos e problemas de saúde pública.
6. Instar ao Goberno autonómico a que realice e publique informes periódicos sobre a localización xeográfica das casas de apostas presenciais atendendo a criterios socio-económicos da poboación local.
7. Instar ao Goberno local, en colaboración coas entidades locais, a que nos seus procesos de contratación pública e nos procesos de outorgamento de subvencións públicas exclúase a aquelas entidades que reciban financiamento por publicidade de casas de apostas.
8. Instar ao Goberno autonómico a recoñecer a ludopatía como problema de saúde pública e garantir os recursos públicos nos plans de prevención e rehabilitación da ludopatía no marco do sistema público de saúde co obxectivo de acelerar o acceso e mellorar a calidade do servizo.
9. Instar ao Goberno local a que, a través das ordenanzas de publicidade, regule a eliminación de calquera cartelería do mobiliario urbano ou do espazo público deste tipo de establecementos, limitándose exclusivamente aos carteis do propio local incluíndo unicamente o nome e sen ningún tipo de publicidade.
10. Instar ao Goberno local a que, nas solicitudes de licenzas para a apertura de casas de apostas, esixa a constancia de que o inmovible que acollerá a dita actividade cumpra co punto 1 dous acordos aquí redactados: o mantemento dunha distancia mínima de 700 metros lineais cos centros educativos de ensino obrigatorio, formación profesional, universitaria, centros de rehabilitación e hospitais.
11. Instar ao Goberno local a que solicite aos equipos de fútbol locais e aos seus xogadores colaborar para que non se identifique o deporte coas apostas, asumindo a súa responsabilidade social, eliminando a publicidade das casas de apostas, poñendo en marcha campañas de concienciación e non asinando convenios de colaboración nin patrocinar a entidades deportivas que fagan publicidade das casas de apostas.
12. Instar ao Goberno local a garantir o dereito á cultura e ao deporte, mediante o impulso de actividades e centros artísticos, culturais e deportivos accesibles para o conxunto da poboación sen que poida operar ningún tipo de discriminación socio-económico.»

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común). Votan en contra os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). E abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe) e a concelleira integrante do Grupo Mixto (dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por doce votos en contra, rexeitou a moción presentada por EU-Son en Común para frear a proliferación das casas de apostas.

### Acceso á videoacta – 02:27:29 horas

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por EU-Son en Común ante o conflito na zona desmilitarizada do sur do Sáhara e a agresión militar marroquí no Guerguerat. Votan a prol da urxencia os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parcero Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros presentes na sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

### F) Moción de EU-Son en Común ante o conflito na zona desmilitarizada do sur do Sáhara e a agresión militar marroquí no Guerguerat

Rexistrada de entrada ao núm. 999/4456 o día 20 de novembro de 2020, xunto con outra moción presentada para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Neste ano 2020 veñen de cumprirse 45 anos do abandono ao pobo saharauí e da ocupación ilegal de Marrocos nos territorios do Sáhara Occidental. 45 anos no que este pobo ten sufrido os rigores do deserto, o espolio dos seus recursos naturais pola potencia ocupante e o desleixo da Comunidade Internacional, incapaz en máis de catro décadas de dar cumprimento aos acordos da ONU para permitir a liberdade e independencia do pobo saharauí no seu territorio.

A noite do 13 ao 14 de novembro, tropas regulares da Forzas Armadas Reais (FAR) de Marrocos penetraron na zona desmilitarizada do extremo sur do Sáhara para reprimir unha mobilización pacífica de mulleres e homes saharauís no Gerguerat. En realidade, Marrocos vén de realizar tres fendas no muro que construíu hai décadas de máis de 2700 km para realizar unha incursión militar en territorio saharauí coa escusa de dar por rematada a concentración que protestaba polos incumprimentos marroquís no relativo ao paso do Guerguerat e o uso fraudulento de milleiros de camións entre a franxa que separa a aduana marroquí e a fronteira con Mauritania, un paso fronteirizo ilegal e que nos últimos meses estaba a ser militarizado polo goberno marroquí, feito que xerou unha protesta pacífica da poboación saharauí ante unha agresión territorial intolerable.

Esta acción militar ilegal e contraria aos acordos da ONU realizada por tropas marroquís foi a causante dun intercambio de disparos por primeira vez en décadas entre as forzas da Fronte Polisaria e das FAR de Marrocos. A estas alturas descoñécese o número de vítimas pero é evidente a gravidade dos feitos que poden dar ao traste cun alto o fogo que persistía, non sen complicacións, dende 1991.

Non obstante, a única solución a este conflito non é a guerra, senón a organización sen máis demora dun referendo de autodeterminación que pregunte ao pobo saharauí se quere a independencia ou a súa integración en Marrocos. Iso é o que se acordou en varias resolucións das Nacións Unidas e debe cumprirse. O pobo saharauí ten dereito a iso, pero este referendo esta vez non pode agardar.

Así pois, tendo en conta o anterior, EU Cambre presenta á consideración do Pleno o seguinte **ACORDO**:

O Pleno do Concello de Cambre, pobo solidario coa poboación saharauí, quere mostrar a súa fonda preocupación pola situación actual, que pode significar a volta da guerra ao Sáhara Occidental e:

1. Expresa o seu apoio e solidariedade co pobo saharauí ante a agresión marroquí que viola as fronteiras e os acordos de paz establecidos en 1991 e que tamén representa unha ruptura do cesamento do fogo, ademais de apoiar o seu dereito de autodeterminación xa recoñecida pola ONU na resolución 690 do Consello de Seguridade de 29 de abril de 1991.

2. Insta ao Goberno de España, como antiga metrópole colonial e administradora de iure, a establecer un traballo diplomático para evitar a guerra sen que esta signifique a renuncia do pobo saharauí á defensa da integridade do seu territorio e os dereitos humanos da poboación afectada pola ocupación marroquí.

3. Así mesmo, insta a que esas accións diplomáticas de máis alto nivel vaian encamiñadas a acordar unha data firme de celebración do referendo de autodeterminación do Sáhara Occidental en cumprimento dos acordos internacionais.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os oito concelleiros de UxC (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceró Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), o concelleiro presente do BNG (don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe)

O Pleno municipal, por dezasete votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

### **3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN**

#### **3.1. Informes do equipo de goberno**

**Acceso á videoacta – 02:35:02 horas**

Este punto non foi utilizado.

#### **3.2. Rogos**

**Acceso á videoacta – 02:35:03 horas**

##### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4545 o día 23 de novembro de 2020.

##### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:35:05 horas**

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Non é a primeira vez que os veciños de Sigrás e usuarios da escola municipal de música nos remiten as súas queixas sobre o estado no que se atopa o dito inmovible de titularidade municipal.

Tal e como se advirte nas fotografías que se achegan, a falta de mantemento do dito inmovible, o risco de desprendemento dalgunhas das lousas que cobren a súa fachada, as humidades existentes nel e a sucidade, denotan un estado de deixamento impropio dun centro educativo así como da súa contorna.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se solicite do concelleiro competente que se adopten á maior brevidade posible as medidas necesarias para devolver ao dito inmovible e á súa contorna o bo estado que se merecen.

Dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, non acepta o rogo.



## **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:40:02 horas**

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Dende hai meses, por non dicir anos, a Nacional VI, ao seu paso pola parroquia do Temple, ve notablemente diminuída a iluminación existente en todo o seu tramo cambrés, existindo tramos de case completa escuridade. É significativo que todos os farois existentes no tramo da dita vía que circula polo termo municipal de Oleiros se atopen operativos e unha vez a Nacional VI entra no noso municipio, as luminarias instaladas non só na mediana da dita vía, senón tamén nalgunha das súas marxes, atópanse totalmente apagadas, tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan.

O que provoca que, nun tramo dela pasemos da total luminosidade (que coincide co termo municipal de Oleiros), ata a escuridade total (termo municipal de Cambre).

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, se requira ao equipo de goberno que se dirixa á Demarcación de Estradas do Estado, Ministerio de Fomento, para que resolvan o problema advertido á maior brevidade posible.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, manifesta que comparte a exposición dos feitos e dá conta das actuacións realizadas con Fomento por este motivo, informando que hoxe á noite acenderon as luces.

## **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:45:52 horas**

Lee o rogo don Juan María Abalo Castex.

O pasado xoves 19 de novembro, deuse traslado aos grupos da oposición de Cambre, tanto do informe emitido pola Demarcación de Costas de Galicia (integrada no Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico), como do informe-denuncia emitido polo Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil, derivados do depósito de áridos na ribeira da ría do Burgo, xunto á ponte romana do Temple, carecendo de licenza urbanística municipal e das autorizacións sectoriais correspondentes.

Tendo solicitado este Grupo Municipal Popular xa no mes de xullo (data do depósito de áridos presuntamente ilegal), e nos meses posteriores que, entre outras medidas, se mantivera informada á oposición da situación existente, o certo é verdade é que o segundo dos informes referido, cuxo oficio aparece datado o día 1 de setembro de 2020, non foi notificado aos diversos grupos políticos da oposición de Cambre ata o pasado 19 de novembro, isto é, case 4 meses despois da súa recepción polo propio concello.

De aí que, desde o Grupo Municipal Popular, ademais de entender necesario que os nosos escritos e as súas contestacións sexan cumpridas e se dea traslado a todos os grupos da oposición de Cambre á maior brevidade posible, por medio do presente rogo requírese ao equipo de goberno para que o noso concello compareza en todo procedemento tanto administrativo como xudicial que se abra ou xa estea aberto como consecuencia do dito depósito irregular de áridos na ría do Burgo en canto titular, polo menos, de intereses lexítimos colectivos que se viron afectados polo dito depósito e, á vista do resultado deles, incoe no noso concello os expedientes administrativos que sexan procedentes no ámbito das súas competencias.

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, non acepta o rogo.

## **Rogos do BNG presentados por escrito**



Rexistrados de entrada ao núm. 999/4550 o día 23 de novembro de 2020, xunto coa pregunta presentada para este pleno.

### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:53:27 horas**

Don Brais Cubeiro Fernández informa que tras telo consensado coa concelleira de C's, dona María José García Hidalgo, que trae un rogo de similares características, o BNG retira o seu primeiro rogo e a pregunta presentados para este pleno.

A este respecto faise constar que na gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video\_202011261903010000\_FH), na pestana “Intervencións” dende a que se ten acceso directo a cada un dos puntos da orde do día, existe un erro de transcripción, de xeito que onde di:

1º e 2º rogo BNG – Retirados  
3º rogo BNG

Debe dicir:

1º rogo e pregunta BNG – Retirados  
2º rogo BNG

### **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:53:54 horas**

Lee o rogo don Brais Cubeiro Fernández.

O pasado día 16 de novembro tivemos coñecemento de novos episodios de turbidez na auga, desta vez foi na parroquia de Cecebre. Rogamos tomen as medidas correspondentes para solucionar esta situación.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, acepta o rogo.

### **Rogos de AV presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 999/4551 o día 23 de novembro de 2020, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

### **1º rogo - Acceso á videoacta – 02:55:14 horas**

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Como manifestamos nas comisións informativas, veciños e veciñas preguntáronnos con preocupación, posto que non apreciaban unha especial presenza policial polas medidas Covid.

O cadro de persoal da Policía Local é o mesmo cando menos que hai cinco anos e medio. É dicir, dende que vostedes gobernan non fixeron nada para solucionar este problema aínda contando coas restricións da lei Montoro.

Por outra banda, ante a marcha do inspector que facía as funcións de xefe tampouco se sabe como se vai facer a próxima selección para esta praza.

Ningunha novidade sobre os auxiliares de policía que se ían incorporar para facer apoio para a actual crise sanitaria.

Carencia de controis de alcoholemia programados ou doutro tipo.

Demasiadas “lagoas” para un momento no que o servizo é un imprescindible.

Polo que rogamos que de cara aos orzamentos do 2021 se contemple un reforzo do servizo de Policía Local.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

### **2º rogo - Acceso á videoacta – 02:56:20 horas**

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Nas pasadas comisións e tamén no pleno de outubro manifestamos a falta de accesibilidade á información na páxina web municipal, a pesar de que é un dos canles de difusión máis destacados e que moita veciñanza consulta diariamente.

Veciños e veciñas manifestáronnos en varias ocasións o seu malestar co servizo e puidemos comprobar que certas informacións non están nin actualizadas e levan tempo sen estalo.

Achegamos capturas de pantalla do pasado luns 23 de novembro de 2020 con algúns exemplos das numerosas informacións obsoletas coas que conta a páxina web municipal:

- A nova modalidade de atención en rexistro con cita previa
- O apartado para recibir novas no correo electrónico non funciona
- O novo enderezo da biblioteca municipal de Cambre
- Non está situado o enderezo da Casa da Xuventude-Punto municipal de información xuvenil do Temple. E tampouco se atopa o enderezo da localización da nova OMIX
- O apartado de “ofertas de emprego” é difícil de atopar

E por iso rogamos unha revisión/actualización da web.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo.

### **3º rogo - Acceso á videoacta – 02:57:32 horas**

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

A adhesión ao PACES que foi aprobada na sesión plenaria extraordinaria da pasada semana pon en valor a utilización da biomasa. Xurdindo moitas preguntas en tanto a como se van adaptar os edificios existentes para ese novo sistema de calefacción, canto vai ser o custo ou canto lle vai supoñer á veciñanza.

É por isto que dende Alternativa dos Veciños nos preocupamos se hai unha previsión para explotar este sector produtivo que pode ser un filón tanto para a redución da pegada de carbono en instalacións municipais, como para impulsar un sector de emprendemento para a veciñanza de Cambre.

É de sobras coñecida a problemática que cada ano temos no municipio pola escaseza na limpeza de montes, tanto na parte que lle toca ao concello como en propiedades privadas, ademais da abundancia de especies invasoras coas que non se fai ningún tipo de actuación. Os restrollos que proveñen destas limpeza poden ser empregados para a produción de biomasa.



Polo que podería ser bo momento para iniciar un novo obradoiro de emprego no municipio con vistas de ter o noso municipio máis limpo, favorecer a formación de veciños e veciñas nun sector produtivo necesario tanto neste municipio como nos que lindan.

Servindo así a que se optimice o servizo de limpeza municipal, se xere biomasa e se explore este novo sector produtivo.

Rogamos se estude como se pode implementar este posible novo xacemento de empregabilidade e coidado ambiental.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, contesta que neste momento temporal non é posible recoller o rogo.

### **Rogo de C's presentado por escrito**

Rexistrado de entrada ao núm. 999/4507 o día 23 de novembro de 2020.

#### **Único - Acceso á videoacta – 03:02:04 horas**

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Os veciños do Cepal, en Altamira de Arriba, solicitaron en varias ocasións ao Concello de Cambre a pavimentación do Camiño Real do Cepal, dende a N-550 en Cambre ata o límite con Culleredo, así como, tamén, tapar as fochancas na pista que se atopa en paralelo ás instalacións de "A FIGA".

Ademais, no camiño do Cepal, próximo ao río, atópase unha arqueta totalmente aberta que é necesario tapar para evitar posibles accidentes, dado que se trata dunha zona de tránsito diario para moitas persoas maiores e nenos.

Cambre está incumprindo unha obriga non só legal como é a de asfaltar unha vía pública que dá acceso á comunicación de Cambre con Culleredo e vivendas da zona, senón, ademais, a de velar e garantir a seguridade dos veciños e a contorna.

Polo tanto rogamos:

Se realicen todas as xestións necesarias para a pavimentación do Camiño Real no Cepal, se reparen as fochancas na zona pavimentada e as elevacións do asfalto presentes na zona.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo, se ben indica que o parágrafo terceiro da exposición non é correcto.

Faise constar que, cando son as vinte e tres horas e doce minutos, auséntase da sesión dona María José García Hidalgo, de C's e integrante do Grupo Mixto.

### **3.3. Preguntas**

#### **Acceso á videoacta – 03:09:52 horas**

#### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4547 e núm. 999/4548 o día 23 de novembro de 2020.

### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:10:06 horas**

Lee a pregunta dona María Jesús González Roel.

Nas últimas datas, os veciños de Cambre vimos como se procedeu aos labores de mantemento e conservación das marxes do río Mero ao seu paso polo termo municipal de Cambre, unha actuación que era demandada pola xeneralidade dos veciños. Actuación que debería incluír, entre outras, xunto ao mantemento das motas laterais do río Mero, os traballos de roza selectiva das marxes ou a retirada de especies arbóreas en mal estado.

Pese a iso, tal e como se aprecia polas fotografías que se achegan, son moitos os exemplares de plumachos, tamén coñecida como “herba da pampa” (especie invasora e nociva, segundo indican os expertos), os que non están sendo incluídos nos ditos labores de limpeza, roza e retirada.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno se non se ten pensado incluír a eliminación da dita especie entre os labores que se están levando a cabo no río Mero.

Dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira delegada dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:11:42 horas**

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Veciños e transeúntes da rúa Lourençiño preséntannos as súas queixas sobre o lamentable estado no que se atopa a dita rúa.

Tal e como se aprecia nas fotografías que se achegan, os arbustos, restos de podas, acumulación de materiais, deficiente asfaltado, fochancas, pozas, etc. acumúlanse na dita rúa, situada nas inmediacións da Casa da Arrigada e da estación de ferrocarril de Cambre.

De aí que, dende o Grupo Municipal de Cambre, se pregunte ao concelleiro competente se van adoptar á maior brevidade posible as medidas de limpeza, adecuación, asfaltado e conservación necesaria na dita rúa.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:13:05 horas**

Lee a pregunta don Juan María Abalo Castex.

Nos últimos días tivemos coñecemento da concesión ao Concello de Cambre, por parte da Xunta de Galicia, dun obradoiro de emprego, denominado “Proxedis Proweb II”, co que a Xunta subvenciona ao noso concello con case 347.000 euros.

Grazas a el vinte alumnos-traballadores recibirán formación nas especialidades de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais, ou publicación de páxinas web.

Ante tan importante noticia para o noso concellos, desde o Grupo Municipal Popular solicitamos que polo concelleiro delegado en Desenvolvemento Socioeconómico, se informe sobre as características do obradoiro de emprego subvencionado con case 347.000 euros pola Xunta de Galicia a Cambre.

Don Diego Alcantarilla Rei, concelleiro delegado da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, contesta a pregunta.

### **Preguntas de AV presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 999/4551 o día 23 de novembro de 2020, xunto cos rogos presentados para este pleno.

#### **1ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:16:05 horas**

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Achegamos a cuestión que nos fixeron chegar varios veciños e veciñas sobre o uso que se está a facer por membros do equipo de goberno dos vehículos municipais dentro e fóra da súa xornada. Motivo polo que preguntamos cal é o motivo a este uso dos vehículos municipais.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, contesta a pregunta.

#### **2ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:16:53 horas**

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

En comisións informativas solicitamos que se esixa á empresa que se está a encargar da limpeza do río Mero solucionar os danos debido ao uso de maquinaria pesada. Ao cal nos contestaron que tiñan constancia deles, tamén de fochancas no firme do paseo, pero que nesta época do ano non poden ser solucionadas.

Veciños e veciñas pregúntanse como van facer para pasear de aquí a que o concello faga o que está asinado no convenio que tanto se publicitou e que tanto tardou, xa que vemos que os problemas non son só nas motas como se nos dixo nas pasadas comisións. Tamén nos preguntan se nalgún momento se traballará para que dende o paseo fluvial se poida desfrutar das vistas do río.

Motivo polo que preguntamos: Que medidas pensan tomar ata que chegue o bo tempo que permita facer o compromiso acadado?

Dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, contesta a pregunta.

#### **3ª pregunta - Acceso á videoacta – 03:19:07 horas**

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Co recente 25 de novembro no que hoxe limos o manifesto que segue a loitar contra a violencia de xénero. Queríamos coñecer cales foron os avances do Plan de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres (PIOM), ao que esta Corporación municipal deu prórroga o pasado ano por non ter realizado moitas das iniciativas previstas.



Como a implantación dun Centro de información á muller que podería ser o servizo que dea forma ao resto de iniciativas que non se están a desenvolver.

E dados os últimos datos sobre a violencia de xénero, que nos colocan nos primeiros postos da comarca:

Preguntamos cales foron os avances reais que se deron este ano no PIOM?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e vinte e catro minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia